

25 DE NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

SECRETARÍA DA MULLER DO STEG

Materiais para traballar o "Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres"

UNHA PROPOSTA ANTE A VIOLENCIA

O artigo 1 da "Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra as mulleres" das Nacións Unidas (1979), considera que a violencia contra as mulleres é: **"Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter coma resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública ou privada"**.

O próximo 25 de novembro é o día no que a nosa sociedade occidental, que puxo fin á práctica totalidade das desigualdades formais entre homes e mulleres, reflexionará sobre o uso da violencia para controlar o comportamento das mulleres. Cando a Asemblea Xeral da ONU aprobou o 17 de decembro de 1999 a denominación de "Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres", na palabra "MULLER", incluía a todas as mulleres vítimas da violencia: non só ás que a sofren dentro do fogar ou no marco das súas relacións de parella, tamén ás que son agredidas na rúa, nos seus traballos, nos centros de ensino ..., e incluso as que o son a consecuencia de sistemas sociais e legais discriminatorios para a muller. Maltratos de todo tipo sostidos nunha supremacía de xénero que, desde tempos inmemoriais, subordinou a muller ao varón ata o punto de darlle a este o "privilexio" de decidir sobre a vida das mulleres coas que se relaciona.

O feito é que na nosa sociedade, pese á normativa legal, en numerosas ocasións, vulnéranse os Dereitos Humanos e non se respecta o mandato constitucional que recoñece a igualdade de todas e todos ante a lei sen ningún tipo de discriminación, sexa a través da **violencia física**: un empurrón intencionado, unha labazada, ata a lapidación ou o asasinato, (máis de oitenta mulleres morreron asasinadas, no que vai de ano, no noso país), a **violencia estrutural** que é a máis invisible de todas e tamén a máis estendida: a maioría dos contratos eventuais e a tempo parcial fánelle a mulleres, as maiores cifras de paro osténtano as mulleres, hai moitas menos mulleres ocupando cargos de representación, a imaxe sexista e estereotipada das mulleres, no cine, na música..., a **violencia emocional ou psicolóxica**: os insultos, os desprezos, as humillacións, ou as ameazas. E, por último, a **violencia sexual**, que consiste en calquera contacto sexual non desexado, desde levantar a saia a una rapaza, ata a violación.

A violencia contra as mulleres é unha expresión da relación de desigualdade entre homes e mulleres. É unha violencia baseada na afirmación da superioridade dun sexo sobre o outro, dos homes sobre as mulleres.

No ámbito educativo é fundamental o papel de cada profesor e profesora para previr a violencia. Non podemos ser tan inxenuos de pensar que a solución depende soamente da escola, pero si que pode ser de grande axuda e contribuír a que cada día as cousas cambien. A actitude de permisividade ou rexeito aos insultos, agresións ou desprezos constitúen un modelo de actuación para os nenos. O tratamento especial que desde o modelo coeducativo se dá á aprendizaxe de emocións e sentimentos, desenvolvemento da empatía, fomento de valores e todos os aspectos que como seres humanos fannos máis completos e respectuosos coas demais persoas e co medio, sen dúbida pode contribuír a previr o problema que estamos a tratar: a violencia.

A coeducación supón unha aposta decidida e consciente por superar un modelo de persoas “homes” e “mulleres” limitados, dependentes, empobrecidos y encadeados a relacións xerárquicas e subordinadas, ao:

- Fomentar unha educación integral que dea importancia a todos os aspectos da vida das persoas e en especial a convivencia.
- Prestar atención non só ás capacidades intelectuais do alumnado, senón tamén aos afectos e sentimentos, que nos convertan en persoas autónomas.
- Desenvolver as habilidades sociais.
- Promover unha educación laica.
- Visibilizar as achegas das mulleres á historia da humanidade e dos distintos saberes.
- Valorar as experiencias das mulleres tanto no ámbito público como no doméstico, as tarefas de reprodución e de coidados e fomentar a participación dos homes en ditas actividades, etc.

Mentres a nova política educativa se materializa cun texto e en nuns orzamentos, desde STEG instamos á Administración Educativa a desenvolver **un Plan Integral contra a violencia** e incentivar aos centros e ao profesorado a que aposte por levar a cabo accións coeducativas, reflectidas en **proxectos de non violencia nos centros educativos**.

Desexamos unha nova política educativa, para a convivencia e avance cara a unha sociedade máis xusta e pacífica. A escola debe ter como obxectivo pór fin a unha das desigualdades máis universais e lonxevas das existentes. Así, desde a escola, asúmese a responsabilidade de que se debe educar e non só instruír, satisfacendo a demanda social actual e levando a cabo unha Educación en Valores que dea resposta aos problemas sociais máis apremantes, como o da violencia de xénero.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Neste marco, a área da muller do **STEG**, aínda conscientes de que a escola é copartícipe na educación das persoas, denuncia, esixe e tamén facilita diferentes materiais ao profesorado co obxectivo de lle facilitar levar a cabo actividades tendentes a implantar un modelo coeducativo, que, superando os estereotipos culturais "feminino" e "masculino", e sen propor o modelo masculino como modelo humano normalizado, potencie un desenvolvemento integral das propias capacidades, un desenvolvemento global que colabore a eliminar a xerarquía, desigualdades e inxustizas sociais.

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA PRIMARIA SON:

- 1. CUESTIONARIO PARA ANALIZAR O CLIMA DE VIOLENCIA NA AULA DE PRIMARIA.**
- 2. OS XOGUETES... ¿A QUE XOGO?, ¿QUE APRENDO?**
- 3. O SEXISMO**

AS PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA SECUNDARIA SON:

- 1. BUSCA DE INFORMACIÓN.**
- 2. ¿PODEN XERAR ESTES CHISTES VIOLENCIA SEXISTA? RAZOA A TÚA RESPOSTA.**
- 3. INTOLERANCIA Á VIOLENCIA.**
- 4. ACTIVIDADE DE ANÁLISE DE CANCIÓNS DE AMOR ACTUAIS**
- 5. ACTIVIDADES A PARTIR DA PELÍCULA "TE DOY MIS OJOS"**
- 6. INVESTIGACIÓN**